

Carl Gustav Jakob Jacobi (Potsdam, Prusia, 1804-Berlín, 1851)



Un tío materno encargouse, con éxito, da súa educación.

En 1817, cando entrou no Gymnasium, situárono no último curso.

Como na Universidade de Berlín a idade mínima de acceso era de 16 anos, tivo que agardar ata 1821.

Para cando finalmente empezou os seus estudos universitarios, xa lera e asimilara os traballos de eminentes matemáticos como Euler e Lagrange, e ata empezara a investigar unha forma de resolver ecuacións quánticas.

O nivel das clases pareceulle baixo e seguiu estudando pola súa conta fóra das aulas.

Jacobi estableceu con N. H. Abel a «Teoría das funcións elípticas».

Demostrou a solución de integrais elípticas mediante a aplicación das funcións, series exponenciais introducidas por el mesmo.

En 1825 presentou a súa tese de doutoramento. Tras un ano na Universidade de Berlín, e ante a carencia de posibilidades de promoción, decidiu trasladarse a Königsberg (actual Kaliningrado, Rusia).

Durante esta época traballou principalmente en ecuacións diferenciais e determinantes, e estudaba, entre outros asuntos, o concepto que hoxe en día se coñece como *xacobiano* na súa honra.